Nº 3 - 2021

ROMPETIÑO

Desde Porto do Son para o mundo

ROMPETIÑO.ORG

Culturiña

Entrevistas exclusivas

COOL&MINE

Vouche contar algo que vas flipar, é unha loucura...

NOA ROMERO

Non quero deixar de soñar porque algún día os meus soños cumpriranse.

SE NON QUERES MONSTROS RECICLA

rompejumpfestival

Porto do Son

“O Rompe é un eventazo” Guillermo Carracedo

Entrevistas - Artigos - Info do festi - Moito flow

In Memoriam de José Castilla Piñeiro “Carolo”

Nota editorial:

Os deportes, a música, as artes, os versos...todas elas disciplinas que requiren de constancia e dedicación, dan como resultado formal un proxecto que aposta por ofrecer arternativas culturais ás festas populares.

Intentando ofrecer novas propostas de difusión que marquen diferencia, nesta dificil edición debida a pandemia, esquecimos ese tema e decidimos ofrecer unha alternativa a dous artistazos que darán moito que falar. Cansos de ver parodias de vídeos de rapeiros polas redes, ofrecemos unha mirada persoal do traballo que hai detrás de este mundo musical ofrecendo un contrapunto, e creamos algo serio, a canción "Calaveras"para convertila en himno do festival. Ofrecimos a Dúo Minúsculo esta oportunidade precisamente porque son a mirada máis gamberra do Barbanza, e se conseguíamos que o público tomase en serio algo así o éxito estaba asegurado. Entendemos as nosas campañas mediáticas como unha sorte de arte na que se pode innovar e trascender reivindicando as miradas das novas xeracións, polo que coa axuda de Noize Burner, D3prods e Miriam Agraso creamos unha peza para poñer na nosa estantería de recordos.

Este ano 2021 é unha montaña rusa de datos epidemiolóxicos, unha absoluta locura, pero non somos xente que deixe de traballar. Así que, rapaces e rapazas, avos e avoas, nais e pais...live Rompetiño!!

MINE
COOL&

Listen on
Spotify
Cool&Mine é un proxecto promovido por Rompiente Clothing no seu apoio ao talento artístico galego.
@coolxmine
@duominusculo
&mine
Calaveras
feat Miriam Agraso

SUMARIO

8 | **coolxmine**
Entrevista

12 | **Noa Romero**
Entrevista

16 | **Guillermo Carracedo**
Entrevista

20 | **Mayo214**
Entrevista

24 | **Noize Burner**
Entrevista

28 | **Milu**
Entrevista

32 | **Tamara Andrés**
Entrevista

36 | **Swit Eme**
Entrevista

41 | **MUSIC ZONE**
Rompetiño 2021

45 | **Ready to Sport**
Artigo

50 | **Por amor ao ARTE**
Artigo

54 | **Comer e durmir en Porto do Son**
Rompetiño 2021

@rompejumpfestival

@rompetinojump

ROMPETINO JUMP

PORTO DO SON (A CORUÑA) 2021

3-4 de setembro



KAYDY CAIN - DELAOSSA

ISRAEL B - COOL&MINE - SANTA SALUT - SWIT EME - MAYO214

DIRTY PORKO - STEVE LEAN - KAIXO - J DOSE & LOS CHICOS DE LA LLUVIA

FACE - KIKE VARELA - DJ MIL - SANTORINO & MARTIN PÉREZ

MANEIRO - MAD MARTIN TRIO - RECAMBIOS TUCHO

BTA - INVERT - LE33

VIBRA Mahou
Deputación DA CORUÑA
Concello de Porto do Son
XUNTA DE GALICIA
CARNÉXOVE
ABANCA
AREHUCAS

GRUPO
AREHUCAS
DESDE 1884

Disfruta de un consumo responsable. 37.5°

Una Session IPA
con un sabor
muy Cinco Estrellas.
Mahou
IPA
SESSION
CERVEZA INDIA PALE ALE
CINCO ESTRELLAS
1890
Mahou
Cerveza Especial
MAESTRÍA CERVECERA
Si crees en algo,
CRÉALO.
Mahou recomienda el consumo resonsable. 5,5º

ENTREVISTA

@coolxmine

Seguindo coa nosa dinámica de sorprender con accións culturais para a imaxe pública do Rompetiño, este ano decidimos apostar por dous rapaces que están toleando a rede instagram @duominusculo. Eles son dúas persoas que levan por dentro o humor, convertíndose na referencia divertida neste ano de tanto sufrimento colectivo. As súas accións atrevidas fixeron que non puidésemos pasar por alto o seu traballo e decidimos poñelos ao frente dun tema serio no mellor escenario, para ofrecer a súa cara máis canalla e vangardista no panorama musical galego. O seu é pura actitude polo que estamos seguros que o van petar no festival Rompetiño 2021. A canción *"Calaveras"* é un traballo coral do RP Team cos productores musicais Noize Burner, D3 e a marabillosa voz de Miriam Agraso. Está dispoñible en Spotify e youtube. COOL&MINE é unha aposta do equipo Rompetiño por crear algo novo que estamos seguros vai continuar dando moita música e diversión.



Como empezou o voso proxecto como dúo?

Cool: Un día que estaba a deixar a roupa a secar na lavandería, apareceu Minos borracho dos viños, fíxome gracia, conteille un par de chistes mentres grababa a súa reacción , a xente moloulle, empezamos a grabar catro tonterías ese mismo día e cando nos demos conta éramos o Dúo Minúsculo.
Mine: E estamos aquí.
Foi totalmente sen querer.
Cool: Sen buscar e sen esperalo
Mine: Tampouco nos esforzamos moito. Jajaja

Que pensáchedes cando a organización do Rompetiño vos propuxo esta loucura?

M: Flipamos da p cabeza. A min chamoume Culo, non mo contou directamente. Díxome: "Vouche contar algo que vas flipar, é unha loucura, non sei que...". El estaba na Coruña e tiven que esperar unha hora e pico a que chegara para que mo contara e flipei.
C: Eu flipei e desde o primeiro momento vin que era algo que nos ía molar, que íamos desfrutar e ata o día de hoxe así está sendo
M: É espectacular. É unha experiencia... nunca na miña vida pensei que fora a facer algo diso.

Véusevos moi cómodos na grabación do tema. Isto ven para quedarse?

M: Uns collóns de cómodo, que o pasamos fatal. Jajaja. Eu o principio paseino fatal, a parte que non entrara nun estudio nunca na miña vida e non sabía nin por onde empezar. Nunca me deu por cantar nin por facer nada, pero a verdade é que é unha experiencia que é espectacular e algunha máis aínda vai caer. Fíxome moita ilusión e pasoo moi ben
C: Eu si tivera por un dos dous que pode ir en solitario, apostaría por Minos, pero bueno, se temos que ir da man, eu se sigo nesto, é con el, porque eu só non me atrevería a dar o paso. Jajaja
M: É a miña Yoko Ono, tío. Jajaja

Cool, soubestes converter da túa debilidade unha fortaleza co tema da ludopatía, cóntanos a travesía e a experiencia de dar charlas en institutos galegos.

C: A experiencia de dar charlas paréceme moi enriquecedora, é algo necesario e que debería haber máis... deberíase fomentar moito máis, especialmente na Educación Secundaria que é cando empezan con este mundo. Realmente fíxeno porque sinto que lle debo algo á vida e a sociedade polo que eu pasei e por sair diso e creo que é unha das formas de agradecerlle á vida a oportunidade que me deu, pois intentando axudar a outra xente a que non pase polo que eu pasei. Así que como experiencia é enriquecedora. Sinto orgullo, non vou mentir, e espero poder facer máis sobre este tema ao longo da miña vida.

Minos, como se leva compatibilizar un traballo duro como é ir ao mar e despois sacarnos a mellor sonrisa con Duo Minusculo?

M: Non me gusta dicir que é un traballo duro.... é un traballo que me gusta, é algo noso de aquí e o compatibilizar, ás veces, é un pouco complicado porque non tes tempo ou estás cansado pero a recompensa é o mellor porque ves que á xente lle fai gracia, que che di cousas guays, que che din que lles alegras o día ou cousas así e iso é o que che fai seguir para adiante. Pero compatibilízase perfectamente.

Sodes camaleónicos nos vídeos pero tamén nos peiteados... tendes pensado cal vai ser a cor de pelo que levaredes no escenario do Rompetiño? Algunha pista que queirades dar...:

M: O tema dos peinados non pensara nada para o Rompetiño, pero agora acábadesme dar unha idea de flipar. Vou pensar algo espectacular.
C: Sí. Eu creo que pola miña parte vai ser algo guay, que non vou dar pistas porque ainda non o teño decidido, pero sei que vai ser algo guapo, algo diferente.. combinar cores, debuxos na cabeza...sempre máis, cada vez un pouquiño máis como digo eu. Jajaja.... Atrevido
M: Sabe Dios que espectáculo vai montar este.

Sabemos que está igualado... Quen liga máis do Dúo Minúsculo?

M: Esta contéstacha Culo.
C: O guapo é Minus, As chavalas queren morrear con el, e a min pídenme chistes. Pero bueno, hai que saber o lugar que ocupa cada un.
M: jajaja
C: E tampouco estou celoso porque algo de rebote... jajaja
M: El é o que máis liga. É un morreador nato. Ao final ten máis éxito ca min. Jajaja

Nota do RP Team: se estás lendo isto, fas cancións e cres que tes un producto bo pero non atopas o camiño para saltar aos escenarios, podes enviarnos a túa proposta musical a @rompienteclothing. Escoitaremos todo o que enviedes con respecto e cariño, e se tes sorte, poderías estar no escenario Rompetiño do 2022.

Vista de Porto do Son desde o monte Dordo.
Postal de Ramyn Caamaco do ßlbum Recuerdo de Puerto del Son y el Castro, 1933. Arquivo dixital do Museo Marea.
Doazyn de Marна Teresa Blanco Alvite.

NOVIDADES DO CARNÉXOVE

PARA A MOCIDADE DE 12 A 30 ANOS

Gratuíto

Vixencia ata o máximo de idade

Máis descontos e establecementos asociados

Máis información
en xuventude.xunta.es

//ABANCA CARNÉXOVE XUNTA DE GALICIA

ENTREVISTA

NOA ROMERO

No Son adoitamos ver estrelas no mar, pero temos unha que brilla en terra de forma continuada nas citas deportivas. Con só 12 anos Noa Romero acumula máis títulos que edicións levamos do Rompetiño. Non vos deixedes levar pola sua idade xa que a madurez e perseverancia desta rapaza saca o orgullo do RP Team e do seu Concello. Este ano acumulou estes títulos: Oro Copa de España (Benidorm-alicante), oro Campeonato Gallego (Riveira), oro multi european game (Bulgaria) e oro Campeonato de España (la Nucia-Alicante). Noa...o teu soño e o noso; Noa olímpica

Como te preparas mentalmente antes dun combate?

Tento relaxar e pensar en positivo, que vou sacar o combate cara adiante. Fago sempre o mesmo quencemento inicial, uns brincos antes de entrar e piso fortemente no tapiz.

Tes algunha manía/ritual/amuleto/música que che faga ir con máis seguridade?

Sempre quero que a miña nai me prepare a roupa e os traxes. Levo as primeiras protección coas que empecei a competir... creo que me dan sorte, e unha toalliña de cando era pequena e ía á escola infantil.

Quenes son para ti os teus mellores apoios? Entendemos que a túa familia é o teu maior apoio, pero aparte deles, quen está sempre aí?

Os meus pais e o meu adestrador Pablo. El é o que mellor me coñece, xa que levo con él dende os catro anos. A calquera hora do día ou da noite está para falarme e tranquilizarme. Lembro o día que antes de marchar ao Europeo coa selección española, estivemos ao teléfono máis dunha hora, eu tiña 12 anos, e el falábame e tranquilizábame dicíndome que non ía estar soa. Viaxou durante 12 horas só para estar detrás vendome e apoiandome.

Por qué o taekwondo?

Era unha espininilla que tiña o meu pai de non acabar kun Fu, xa que lle gustaban as artes marciais. Eles metéronme para facer algunha actividade con 3 anos, xa que eu era moi activa. Despois, nese momento, estaba a miña veciña Pili Rodriguez a bo nivel e campeona tamén, e decidín ser coma ela, seguir os seus pasos.

Además do Taekwondo, que outras actividades practicas?

Antes practicaba baile coa miña profe Cris Agraso, encantábame!! Tamén patinaxe, natación, taekwondo, ... pero por estudios e horarios centreime no taekwondo. De xeito federativo é o que practico, pero gústanme todos os deportes e adoitan a dárseme ben, incluso queríanme levar para baloncesto ou ciclismo.

Como adaptaches os teus adestramentos con toda a situación que estamos pasando hoxe en día por mor da Covid-19?

Ao principio foi algo duro e difícil á vez, pero Pablo non deixou de dar clase online. Despois tiña ao meu pai, el mercoume mits, paos e demáis cousas para adestrar. Todo o que mandaba Pablo practicabao con el no garaxe, además corría en cinta e facía estiramentos.

Hoxe en día volvemos a adestrar os 5 días á semana e normalmente os fins de semana adestro co club ou ca selección autonómica. Todo isto baixo as normas contra a Covid, tomas de temperatura, lavado de mans, mascarillas,...

A qué che gustaría adicar nun futuro?

Gustaríame algo relacionado co deporte, pero tírame tamén a moda, deseño,...

Para a túa corta idade, demostras que eres moi madura. Quen son os teus referentes para ser unha rapaza tan forte?

Baséome e refléxome nos meus pais, eles están sempre aí, decíndome o bo e o malo, aconsellándome. Tamén o meu profesor Pablo traballa moito a psicoloxía. El fai que me faga tan forte tanto dentro do tapiz como fora.

Viaxar hoxe en día é máis complicado. Cóntanos un pouco a experiencia de viaxar aos campionatos e que é o mellor desdes viaxes para ti. Para que a xente que non sabe o que supón todo isto...

Cada evento é de máxima esixencia, teño que facer probas PCR de seguido, seguir normas estritas antes, durante e despois de cada campionato.

A min encántame sair a competir e viaxar. Coñeces moitos lugares, xente, costumes, comidas... é algo que che aporta, entre outras cousas, o deporte. E xa que teño esta oportunidade con esta idade, pois aproveitoa. Tamén é complicado polo tema da familia, xa que perdes momentos xuntos. Despois están os estudios: perdes días e horas, aos que despois tes que adicarlle máis tempo. Incluso téñome levado algún para estudar no avión, no hotel,... pero unha cousa compensa a outra.

Calos son os teus obxectivos? Ou polo menos esta tempada?

Os meus obxectivos a curto prazo son: poder volver a gañar o campionato galego e nacional, conseguín a miña clasificación para o Europeo e para o Mundial e a poder ser, volver a conseguir medalla nestes eventos.
O meu obxectivo nun futuro é chegar aos Xogos Olímpicos, pero para iso hai que seguir traballando forte e disfrutando co que fago. “Non quero deixar de soñar porque algún día os meus soños cumpriranse”, é unha frase que me di a miña nai.

IMPRENTA
ARIGRAF
ARTES GRÁFICAS
Tras da Estivada, 3 Montouto - CACHEIRAS - 15886 – Teo (A Coruña)

Comproba os nosos fabulosos precios

Tlfn. 981 549 600 / www.arigraf.es / arigraf@arigraf.es

WWW. ROMPIENTECLOTHING.COM

ENTREVISTA

GUILLERMO CARRACEDO

Gillermo Carracedo é surfista de profesión e traumatólogo deportivo por "afición". Actualmente quinto no ranking mundial ten por meta conquistar a primeira praza para volver a ser portada do Rompetiño... bueno, e algunha cousiña máis ;). Arrasa nas redes sociais con máis dun millón trescentos mil seguidores grazas a unha sencillez e accesibilidade pouco normal en persoas que se moven nestas cifras. Carracedo ten algo especial que non se pode describir con palabras, pero que en si mesmo representa os valores e ilusións que leva o equipo desta revista; a fortaleza de levantarse de cada caída cun sorriso e a perseverancia por gañar as cousas polos teus propios méritos. É marabilloso cando a acha é tan grande como o pau (Anxo Carracedo). Parabéns Guillermo.

Levas moito tempo no mundo do surfing. Podesnos contar algunha anécdota que lembres especialmente?

Anécdotas hai moitas, pensa que ao final, ao descubrir ondas polo mundo, adícome a viaxar a lugares inhóspitos, inexplorados e ocurre de todo. Dende quedarse a durmir nos fiordos de Islandia porque se che estropea o coche e a poboación máis próxima está a douscentos quilómetros, a ,de súpeto, chocar contra unha tartaruga xigante de galápagos surfeando pensando que era unha roca, sair voando e de súpeto atoparme rodeado de tartatugas. Houbo de todo jajaja.

Despois traumatolóxicas hai bastantes tamén, pero sobre todo aventuras hai de sobra na miña vida.

Como é para ti a onda perfecta? E o climax perfecto para surfear?

Para min a onda perfecta e o climax perfecto, perdido nalgún lugar do mundo nunha onda que saiba que non chegaron antes, cun amigo ou dous, cámara e uns bos tubos. Sen dúbida iso sería Dreamland para min.

O proxecto do Rompe é un evento artístico/deportivo, cóntanos un pouco os teus gustos culturais e algún artista que nos recomendes.

E o proxecto do Rompe é un eventazo, que tanto concorda cos meus gustos musicais, como culturais, tamén co espírito e trasfondo que levo eu cada día en todo o que fago na miña vida. Entón creo que non podo estar máis dacordo e non vou fallar.

Estalo petando nas redes sociais. Como xestionas un millón de seguidores? Cóntanos un pouco do teu día a día como influencer...

A verdade ... cómo xestiono o millón de seguidores? Non o sei moi ben. Sempre me considerei máis que un influencer, un surfista con moitos amigos, e intento respostar a todo o mundo, intento ser cercano, ser amable con todos, e iso leva moitas horas e moito traballo. Tamén é certo que o trato coas marcas e o traballo de influencer como tal ocupa moito tempo pero teño a sorte que a parte favorita é crear contido e niso estou, agora mesmo perdido ponda illa Madeira creando un contido xenial e pasándomo coma un enano, ainda que non quita que teña que estar unha media de entre oito e dez horas ao día enchufado nas redes sociais.

O surf adica a ser o deporte máis popular, pero que che fixo decantarte polo paddlesurf?

O surf si que é o deporte máis popular e tamén o meu favorito, o sea, ainda que o paddlesurf fora o que me deu nome a nivel competitivo, o surf como tal é o que máis fago. Case sempre cando descubro ondas fago surf, e despois, pois creo que é a base de calquer deporte acuático e que todo o mundo debería practicalo. O paddle sí que é certo que me motiva moito polo feito de que hai moito percorrido, moita opción de poder chegar a algo a nivel competitivo se adestras e adícaste e sobre todo se tes surf previamente, porque creo que é o máis importante. Encántame todo o que sexa na auga ... eu mentres estea a remollo estou feliz.

Como se leva o tema de ser médico e adicarse ao paddlesurf?

Pois agora non estou exercendo como tal, como médico, estou adicándome ao surf e as redes sociais. Acabei medicina, fixen unha especialidade en traumatoloxía deportiva, e.. quen sabe, nunca se sabe onde vou acabar, pero agora mesmo estou moi feliz co que fago.

Que ofrece Galicia para a xente do surf que non teña outros lugares?

Aventura. Para min é o máis importante que ten que estar relacionado co surf, para min o surf é aventura e Galicia é aventura. Agora ben, tamén é dureza, frío, perigosidade, radicalidade nas súas ondas, pero aventura polo xeral.

Cóntanos un pouco do teu palmarés como competidor e cales son os teus obxectivos próximos.

O meu palmarés como competidor é: 12 ou 13 veces campión galego, 5 veces campión de España (3 de Copa e 2 do circuito) ... creo que agora son 6, 3 e 3. jajaja

E despois, top 5 da APP no mundial de Gran Canaria, top 5 no mundial ISA individual, ese é o meu mellor resultado, quinto do mundo.
E subcampión do mundo coa selección española, tamén campión de España varias veces coa selección galega.

E despois en surf tamén gañei algunha competi.

O meu obxectivo é ser campión do mundo, sería xenial!. Pero sobre todo descubrir novas ondas que ninguén surfeou antes en sitios que nin imaxinas... e os teño pensados e son moi moi guays.

Supuso presión ou unha motivación tendo un pai como o teu que todos admiramos?

A presión e admiración polo meu pai é unha motivación extra, Eu consideirno sempre un orgullo na casa telo e si que é certo que o listón en medicina estaba alto, era como en plan: “Como podes sacar un 0,18 nesta asignatura se o teu pai sacaba todo deces e acabou a carreira en 3 anos?” e eu, bueno, estaba na praia... pero a verdade é que motiva e funme ao ámbito do surf que iso si que non se lle da ben jajaja.

Un abrazo moi grande e grazas por todo.



WWW. ROMPIENTECLOTHING.COM

CRECIMIENTO ESPECTACULAR

www.elCorreoGallego.es

AÑO 2019 | AÑO 2020
14.920.988 | **27.049.220**
SESIONES
+81'28%

AÑO 2019 | AÑO 2020
5.843.609 | **9.903.535**
USUARIOS NUEVOS
+69'48%

AÑO 2019 | AÑO 2020
6.060.635 | **10.239.588**
USUARIOS ÚNICOS
+68'95%

AÑO 2019 | AÑO 2020
40.786.053 | **58.792.740**
VISITAS A PÁGINAS
+44'15%

Auditor Google Analytics

La fuerza de

elCorreoGallego

ENTREVISTA

MAYO214

O olfato persoal de Sisi levounos a este fenómeno musical da escena urbana española. Alejandro Mayo, máis coñecido como Mayo214 forma parte do colectivo La Cantera, e lanza as súas rimas co seu estilo persoal dentro do rap underground, conquistando Madrid e facéndose oco en todas as prazas dos vindeiros festivais grazas a ser disco de ouro. O de Mayo é un talento con gancho, un deses músicos que unha vez que o probas xa forma parte das túas listas de spoty. Dentro da aposta por traer artistas para que graben videoclip na zona, Mayo xa forma parte do elenco de grandes nomes como Fernando Costa ou Don Patricio. Non perdades "Vietnam"...unha gran metáfora.

Comezaches moi xoven a petalo cos teus temas... tiveches claras cales eran as túas prioridades desde que empezaches nisto ou foron variando ao longo da túa carreira?

A verdade é que foron variando moitísimo, xa que me veu todo como moi de súpeto e as persoas imos madurando ao longo dos anos e eu creo que imos cambiando a nosa forma de ver as cousas ou buscando outras cousas na nosa vida, así que si... definitivamente si.

Moitos dos teus temas teñen que ver co amor, é un tema que varía moito dependendo da persoa, pero para ti.. que é o amor?

Para min o amor é unha merda, pero necesaria. Esa é unha boa definición, jajaja.

Cal é para ti o tema máis especial da túa carreira? Cóntanos un pouco en qué te inspiraches para escribilo.

O tema máis especial da miña carreira creo que é "Alejandro". Escribín cancións moi especiales a xente moi especial, pero nunca escribira unha a min mesmo, nunca me parara a adicarme ese rato que as veces debemos adicarnos todos e cada un de nós, así que eu creo que "Alejandro".

Que estilo musical che gusta máis aparte do rap? Recoméndasnos algún artista?

A verdade é que me gustan todos, gústame o rock, o jazz, o pop, gústame todo, absolutamente todo sempre que esté ben feito. Se teño que recomendarvos algún artista... non é moi coñecida, se alguén a coñece é por ser corista de Joaquín Sabina, pero ten un chorro de voz impresionante: Mara Barros. Recomendo que escoitedes algo de Mara Barros, das mellores cantantes de España sen ningunha dúbida en canto a voz.

De onde ven o teu nome artístico Mayo214? De onde xurdiu a idea?

Pois é bastante simple, a verdade. Non quixen darlle moitas voltas a isto: Chámome Alejandro Mayo e entón.. Mayo é o meu apelido e 214 é o código postal de Fresnedillas de la Oliva que é o meu pobo, aínda que de pequeño vivía en Vallecas e só ía os fins de semana. Con 14 anos ou así funme a vivir ao pobo, e foi onde empecei a rapear e a tocar un pouco os collóns.

Que se sinte ao ter un disco de ouro tan xoven? Cal é a túa gran próxima meta?

Síntense moitas cousas, moitas, boas e malas, todas na súa xusta medida. Sintes moitísima felicidade, orgullo, non só por ti, senón por todo o teu equipo de traballo, porque non é só meu o disco de ouro, é do meu manager, productor, ... de todo o equipo que hai detrás e que fai posible que o traballo salga así e que á xente lle guste. Entón, por ese lado ben. Sí que é verdade que alimenta o teu ego como artista, que creo que é bo, pero ata certo punto.

Sabemos de boa tinta que estiveches en Galicia. Como foi para ti a experiencia e que opinas deste bonito lugar?

Que vou dicir de Galicia.. estou namorado do norte de España. O meu avó era asturiano dunha aldeiña de Oviedo, e co meu pai sempre que podíamos, escapábamos cara o norte: a Cantabria, Asturias, Galicia,... a pasar unha semana do verán e a verdade é que o norte de España é flipante e parece que está noutro país. É un sitio para escaparse, a verdade, moi bonito, moi recomendable, e non só polo sitio, senón tamén pola xente. Moi acolledor... como sentirse en casa.

Telf: 981 768 405 — Caamaño S/N — CP:15996 — Porto do Son

Calidad
al mejor precio

FROIZ

Siempre a su servicio

MercaMas Porto do Son

c/Atalaya, nº 1. Tel. 981 767053

ENTREVISTA

NOIZE BURNER

Noize Burner/ Santorino DJ, diferentes nomes para un productor musical que vive a música por cada un dos seus poros. Autodidacta nos seus inicios e colaborador co RP Team, é un dos nomes a ter en conta no sector da música electrónica deste pais. Ninguén dixo que fose fácil pero Noize aproxima con facilidade aos sons que nos fan vibrar. Falamos con el dos seus proxectos e ambicións.

SANTORINO

Que é Gerion e cal é a súa filosofía?

GERION PRODUCTIONS é un templo para uns poucos. Un estudio en Coruña que se centra en apoiar a artistas locais, sabendo que non todas as persoas teñen os medios para crear a súa música. Aínda que xa leva uns anos aberto, actualmente está sufrindo unha reforma que cambiará por completo o deseño do estudio. Non descartamos trasladar o noso centro a un lugar máis grande, xa que cada mes somos máis.

Baseámonos na produción musical de xéneros urbáns e electrónica, tanto instrumentais, grabacións, mezcla e master.

Próximamente poderedes disfrutar do noso canal de noticias e tendencias musicais na nosa canle de Twich.

Artistas como Maro 010 (artista local de xénero urbán , con máis de 25000 reproduccións no seu último track xunto a Franyi Zayas y Maik it 010, artistas tamén de Gerion Prod.), o grupo pioneiro del drill en A Coruña Distrito 15 (cun EP-Drill recién lanzado), Azeta (16 años) , que acaba de lanzar un tema xunto a Urko para a súa canle, co que comparte con Lacacci, o noso artista D'Fanté, de xénero R&B-Soul, inspirado en artistas da MOTOWN, intenta devolvernos esa esencia cunha visión máis moderna. Dentro do noso xénero urbán tamén se atopan Baby lee X , King Gung y Franyi Zayas, dando ese toque latino tanto no reggaetón coma no trap. Facundo Freitas é un artista con moi bos números en todas as plataformas dixitais, cos seus últimos lanzamientos: Fuego y Hielo. Cada vez chegan máis artistas novos e doutras ubicacións, como AkaFresh de Ferrol.

E non esquecernos da nosa chica Lux, artista R&B e electropop. A todos eles atoparédelos en Spotify e demáis plataformas por se tendes curiosidade. Falando un pouco en terceira persoa, Noize Burner é o productor deste estudio, que fai sempre o posible por mellorar e avanzar na súa carreira e axudar a avanzar aos demáis.

Qué cousas che levaron a tirar pola electrónica? Cómo foron os teus inicios?

Básicamente, o ter 15 anos e ver o inicio de festivais, a felicidade nos ollos da xente, desfrutando deses djs como Carl Cox co seu house máis tech, ou vendo sesións de grandes do EDM. Cada vez que vía un video así ou asistía a algún festival, soñaba con actuar en eles.
Os meus inicios foron cando a raíz diso, decidín empezar a crear as miñas propias mezclas co EDM. Non empecéi a producir ata uns anos máis tarde. Aos meus 21 anos empecéi a compoñer os meus primeiros tracks, que lóxicamente, non soaban profesionais para nada.
Non conseguín un son aceptable ata os meus 25 anos. Agora con 30, gracias a ser totalmente autodidacta durante máis de 8 anos, cometendo errores e aprendendo deles, conseguín lanzar diferentes tracks por selos discográficos como: Blanco y Negro Music, El-Muerto Records (Mexico) Clippers Sounds, entre outros baixo o meu nome Santorino, o meu proxecto de música electrónica.
Ao longo destes anos, actuei en diferentes cidades como Madrid, Bilbao ou Valencia sen contar coa miña cidade. Tamén colaboréi cos 40 Principales en varias sesións na sección 40 Dance Insessions.

Tes en mente algunha colaboración próxima? Cales son as túas próximas metas?

Unha das colaboracións máis importantes que estou facendo como Noize Burner, é o proxecto novo xunto a Erin Comando Katana, con diferentes tracks de xénero dancehall, trap latino ou electro pop, con sons máis frescos. A primeira colaboración en 130.000 reproducciones. Wyygga y The Hantton son tamén colaboracións importantes.
Como Santorino, teño unha colaboración xunto a Gagh, (dj/ productor colombiano, residindo en Santiago de Compostela), Lil G (unha dj/ productora de Corea) ou Martin Perez, outro dj/ productor residente de Rompetiño Fest, e como non, con D'Fanté, o meu vocalista persoal.

Unha das miñas metas é volver a actuar canto antes en salas e festivais, e lanzar música baixo selos como Happy techno, Sosumi Records o Confession.

Sabemos que tes moi boa relación co RP Team, cómo os coñecestes?

O meu primeiro contacto co RP Team, non sucedería de non ser polo meu grande amigo e compañeiro do sector Martín Perez, gracias a él puiden coñecer a persoas como Luis Pazos, meu manager e un irmán para min, cando asistín como invitado ao festival en 2019. A partires de aí fun coñecendo ao resto de persoas maravillosas do círculo. Sempre que volvo a Porto do Son, trátanme como en casa, e gustaríame aproveitar para darlles as gracias por todo.

Se non foras DJ a qué te adicarías? Tes algún proxecto en mente aparte do estudio, bases e iso?

Bueno, sempre digo que me encantaría ser locutor de radio, e poder realizar entrevistas a diferentes artistas de varios xéneros, dentro da electrónica e o urbano.
Proxectos siempre hai, pero direi que o estudio está nunha das mellores etapas desde que empezou, e temos un par de proxectos importantes que sairán pronto á luz, como traballar para un programa de televisión...mellor non desvelar máis datos.

ROMPETIÑO JUMP

PORTO DO SON

Concello de Porto do Son

colaborador oficial do Rompetiño Jump 2018

WWW. ROMPIENTECLOTHING.COM
INTERCOOLER TURBO 2800

ENTREVISTA

MILU

Este ano a entrevista deportiva que adicamos a un dos membros do RP Team é moi merecida; Alberto Carro, máis coñecido por "Milu" é un rapaz que da todo na vida e no deporte. Cando sube a unha BMX hipnotiza pola complexidade e suavidade dos seus trucos. Sumouse ao equipo sendo un rapaz de Vilagarcía, e agora xa ten doble nacionalidade co Son.
É das persoas que tanto ves arriba no podium como montando o skatepark ás dúas da mañán. Sempre con ese sorriso na cara que lle caracteriza, coma se fose Vincent da película Gattaca, nunca deixa reservas para voltar a orilla.
Xenio e figura ...Milu eterno

Como foi o primeiro contacto que tiveches cunha BMX? Cóntanos un pouco a historia...

O meu primeiro contacto coa BMX foi cando tiña 12 anos e adoitaba a baixar cun amigo da infancia a facer trastadas por aí jajaja. Pero un día este amigo apareceu cunha bmx e fumos ao skatepark de Vilagarcía. A todo isto ,o meu amigo era o único que tiña BMX e eu saltaba coa súa ou con algunha que me deixaban. Tiven que esperar aos 16 anos para que me agasallaran unha, xa que nunca tivera unha bici antes. Pero cando os maiores que montaban naquela época viron como saltaba, empezáronme a deixar as súas e darme consellos de cómo mellorar para facer trucos, etc... Ese foi o meu primeiro contacto coa BMX.

Como coñeciches o Rompetiño e como empezou a túa relación co RP Team?

Pois pola fama de ter moi bos artistas a nivel de Galicia e polo máis importante, amigos que foron e o pasaron xenial . Despois de asistir o primeiro ano e pasalo mellor que nunca, confirmo que é o mellor festival sen dúbida. Viva o Rompetiño!

A relación co RPTeam comezou a partires do día que cumprín 18 ou 19 anos que quedei con Isra Sousa para ir ata A Coruña, alí coñecín a Sisi, que despois dun día de trucos e bo ambiente naceu a relación co RPTeam. Desde ese día ata hoxe e os que quedan por vir, son a miña segunda familia.

Á hora de competir, como preparas a competi e as liñas que vas tirar?

É bastante curioso a verdade, posto que cando vou competir nunca preparo nada, posto que vou a divertirme, coñecer xente nova coa que poder montar en bici e poder pasalo ben.

Cal foi a túa peor lesión? E cómo se leva practicar un deporte de risco como a BMX?

Pois non foi unha, senón dúas escordaduras de nocello, dúas escordaduras de segundo grao. A primeira máis leve e a segunda algo máis grave. E practicar un deporte de risco como a BMX? ao principio un pouco máis duro porque tes menos experiencia e daste máis golpes, feridas, escordaduras e demáis. No meu caso, á miña familia non lle fai moita gracia, pero a pesares diso eu sempre seguín e seguirei jaja e despois pola rúa sempre che miran como se foras, non sei, un macarra que vai por aí destrozando todo.

Cal é o teu truco soñado?

Un backflip tailwhip que algún día sairá e consiste en dar unha voltereta cara atrás mentres o cadro da bici xira ao redor do manillar ... é un pouco dificil de explicar jajaja

O que pasa no Rompetiño queda no Rompetiño pero... algún recordo especial/gracioso que queiras contarnos?

Esta vai a pillar eh jajaja... pois o momento máis divertido foi despois dos pedazo de concertos do sabado do 2019, dunha moi boa festa ... rematei todo domingo tirado nunha colchoneta no backstage durmindo ... pero a festa valeu a pena.

Para ti, que ten que ter o skatepark para que sexa perfecto?

Pois a verdade, de todo: unha zona de rúa que sexa curiosa e de bastante xogo á hora de facer cousas e despois, unhas boas rampas, un funbox, unha mini, un spine e uns cuarters e sería perfecto.

No Rompetiño xa vimos de todo, ata a ti enriba do escenario saltando coa bici con Kaixo! Incluso marcou tendencia (Dorna). Estarías disposto a repetilo?

Repetiríao encantado. Estábamos vendo a Fernandito Costa o Pombini, Mario máis eu, e tamén estaba Kaixo por alí. Cando se enterou que éramos riders quedou flipado e díxonos se queriamos subir coas bicis, así que fomos a toda hostia a por elas e para arriba jajaja. Volveríao a repetir sen dúbida e, para canda se poda, temos unha pendiente Erin (Comando katana) e mais eu.

Unha cidade infantil

Instalacións efímeras das estacións do ano

Achegádevos pola escola.
Estamos na rúa Escultor Asorey 2A. -1.
Nas instalacións anexas ao Colexio La Salle en Santiago de Compostela.

981 071 023

facebook.- Agasalle Escuela Infantil
direccion@agasalle.es

SONELEC

C/ ATALAYA 72 B
PORTO DO SON
Tel.: 981 76 73 13

ENTREVISTA

TAMARA ANDRÉS

Tamara Andrés é poesía, unha rapaza que traslada vida ao papel sen esquecer as súas orixes. No proxecto Rompetiño decidimos incluila porque descubre límites, e rompe as palabras coa sutileza que buscamos (e non atopamos) cando enfrentas á creación artística. Escritora de libros como Amentalista, Corpo de Antiochia ou Irmá Paxaro, colabora con proxectos artísticos, audiovisuais e escénicos. Un referente para as persoas que buscamos nas palabras respostas emocionais.

Tivemos a sorte de escoitarte falar da música Rap, que a diferenza de moitos poetas valorabas positivamente pola súa importancia entre o público máis xove. Cal é a túa postura sobre todo isto, ou dito de outro modo, como cres que inflúe nos adolescentes as correntes literarias da cultura urbana?

Nas culturas urbanas, as correntes literarias teñen unha vontade de axitación fascinante, están cheas de crítica, de perspicacia, de intelixencia.
O que máis me chama a atención do rap é a comunicación que se establece entre o artista ou a banda e o público que escoita: polo xeral o que se quere expresar arrédase de grandes artificios e a mensaxe é eficaz e mesmo tece unha rede de complicidades fascinante.
Nos obradoiros poéticos que imparto para mozas e mozos moitas veces inclúo algunha canción de rap entre os exemplos de poemas, xa que dentro deste xénero tamén podemos atopar creacións cheas de lirismo ou de metáforas, ou mesmo creacións directamente baseadas ou que reinterpretan textos poéticos.

Ser poeta en tempos de discordia que función ten?

Observar o mundo, fuxir dos extremos, comprender a orixe dos feitos, apostar pola reflexión e polo diálogo, tamén polo silencio, ofrecer novas vías. É difícil pensar un tempo que non fose de discordia, tanto a nivel individual como colectivo. Supoño que por iso a poesía sempre está aí.

Para os do mundo do rap "a rúa" é o espazo que diferenza a verdade entre as letras duns e doutros. Cal é a rúa para ti adicada a poesía?

Coido que a experiencia vital é indispensable para calquera poeta. Con isto non quero dicir simplemente que quen escriba teña que vivir unha experiencia para despois relatala, mais o que si debe facer é estar en contacto permanente co mundo, non deixar de observalo para poder reflexionalo e sistematizalo, e crear desde esa posición. Unha vez escoitei dicir a un compañeiro fotógrafo que un artista non se pode comprender como tal se a súa vida non é unha loita permanente no barro, e estou de acordo. A rúa dedicada á poesía debe ser, antes que nada, a propia exploración.

Coñecemos algúnhas das túas colaboracións en proxectos culturais, unidas nalgúns casos ó teu pobo de referencia, Combarro. Todo o traballo que hai detrás de calquera proxecto deste tipo leva moitas horas roubadas. Qué é o máis agradecido desde a túa vivencia persoal estar no meollo da asociación cultural Armadiña?

Armadiña é un poliedro xigante con moreas de proxectos e ideas, e ten entre os seus obxectivos principais conformar un tecido social entre a propia xente da vila. O que máis agradezo é a aprendizaxe constante, porque afrontamos novos retos continuamente, e tamén observar a inmensa forza que pode emanar da colectividade.

Versos, rimas, frases sen rimas pero con moito flow... escoitámoste dicir que xa non é unha necesidade rimar para comunicar poesía. Seguro que este articulo lenno moitas/os adolescentes que teñen follas escritas de pensamentos, pero ven a literatura algo moi lonxano aos seus intereses. Que lles recomendas facer para romper dita barreira?

Dixar os prexuízos a un lado, sempre. Se realmente alguén devece por transitar un camiño en concreto, o primeiro que ten que facer é dar o primeiro paso, e despois continuar a andar, pouco a pouco, con paixón, tamén con humildade. Ao mesmo tempo, cómpre recuperar o sentido da paciencia, é dicir, ter presente que poucas cousas se tecen dun día para outro, senón que hai que traballalas, explorar o mundo e, sobre todo, explorarse a un mesmo.

Nunca antes tatuáronse tantos pensamentos, nunca antes leuse tanto... por internet e whatsapp. Buscamos frases nas que atopar empatía, sentimentos espello... estamos próximos a valorar a poesía ou todo isto fai que "aborreguemos"? Tes visión positiva hacia todo isto?

Segue a haber moitos prexuízos cara á poesía, e non me refiro só á mocidade, senón á sociedade en xeral. É certo que a mocidade procura de xeito insaciable material co que definirse, e moitas veces recorre á poesía, mais a meirande parte das mozas e mozos non teñen conexión coa creatividade poética actual. Nos obradoiros que imparto, a definición máis común da poesía adoita ser a seguinte: "xénero textual que se canaliza en versos e se dispón en estrofas, que rima, que expresa sentimentos e que adoita ser aburrido". Teño visión positiva na medida en que aínda temos moito por facer, e moitas sensibilidades que despertar e que animar.

Cando comezamos o proxecto Rompetiño foi por atopar un valeiro importante no sistema cultural. Nais e pais van de festivais e os fillos e avoas van as orquestras, concertos de rap-trap e batallas de galos. Agora a ninguén se lle ocurre falar mal de grupos como Queen pero nos seus comezos tampouco se lles valoraba. Estamos atendendo correctamente ás tendencias das novas xeracións?

Coido que o innovador, polo xeral, nunca se atende da forma correcta, porque por norma o que facemos é acostumarnos ao rutinario, que é o que xa comprendemos. O novo esixe demasiado esforzo e atención, xa que hai que procurar un espazo onde encadralo. De todos xeitos, se temos claro que o proxecto que amasamos ten de ser, co tempo percibiremos que vai levedando.

Cabeiro
CAMPING GASTRO BAR

TRES SESENTA

deportes

Porto do Son

COMUNIDADE DE MONTES DE

BARONA

Campanario, nº 20 - Tlf./Fax 981 853 268 - 679 156 855

15979 **BAROÑA - PORTO DO SON** (A Coruña)

cmvbarona@mundo-r.com

ENTREVISTA

SWIT EME

Marcel Serrano, máis coñecido como Swit Eme, nace en Barcelona no ano 1999. Contratado polo Governo de España para lanzar a campaña de igualdade de xénero xunto a Santa Salut, Swit combina o seu traballo como componente do grupo Bathroom Studios e membro do colectivo La Cantera. É, sen dúbida, un dos artistas con máis proxección da escena hip hop underground española seguindo os pasos firmes dos grandes. Este ano o Rompe, ten tres diamantes dos que se non asistides a velos perderedes os seu primeiro festival en Galicia, dos que virán moitos máis. Un destes tres é Swit Eme, que xunto a Mayo 214 e Santa Salut van petar redes e salas. Convertirán os escenarios en espectáculos sold out... Xa levamos moitos nomes no noso Rompe como para confundir, e estamos tan seguros este ano deles que xa anunciamos a súa participación nos grandes eventos do Xacobeo, Apostades algo?

Como foi para ti conseguir o disco de ouro e cal é a túa próxima meta?

Simplemente foi incrible. Literalmente non mo podía crer. Quedeime un pouco pillado cando recibín a chamada. Sinceiramente, a verdade é que dende o primeiro momento o tema foi moi ben e no momento no que te chaman e che din que tes un, daste de conta de que podes conseguir máis, e aí onde a túa motivación e as túas espectativas suben... as túas metas suben. Con respecto ás metas, agora mesmo son conseguir un disco de platino, ter 3 discos de ouro. Temos varias metas, non sei, teño unha lista de soños e cada vez que tacho un, escribo tres. Cando tachei facer un disco de ouro, escribin facer tres, facer un disco de platino e cousas co disco que non quero dicir ainda.

Se non foras rapeiro, a que che gustaría adicarte?

Se non fora rapeiro, sería cocteleiro, teñoo clarísimo, porque é o único que me chamou a atención e como o amor, chegoume sen darme de conta. Ser camareiro é unha p* merda, pero cando me puxeron detrás dunha barra, déronme a cocteleira e alcol, e xa foi outra cousa, sabes?

Cóntanos un pouco o que é a "Cantera".. e como xurdiu a idea?

A Cantera, así literalmente, a teoría, é un colectivo de moitos grupos. É dicir, eu son Swit Eme, de Barthroom Studios, Bathroom Studios é o meu grupo, e a Cantera o colectivo do que forma parte Bathroom Studios como tal. E así un montón de grupos, somos todos os da Cantera. A idea sae dos rapaces, eu entre eles, para intentar chegar a algún lado facendo algo propio. Tentar chegar a algún lado sen ter que sumarse a nada. Tentando facelo ti desde cero, tentando facer as cousas baseándose no amor e na confianza, quizáis máis que no beneficio propio, en dar aos demáis, en dar coa esperanza de que recibirás. E de momento vai bastante guay a verdade. Querémonos un montón, estamos crecendo cada vez máis e estamos super contentos.

E aparte disto, a Cantera, é un movemento un pouco reivindicativo que non está dacordo con moitas cousas que pasan na sociedade hoxe en día, e intenta dar a súa opinión para concienciar á xente ou espertala. Poderíamos dicir que está en crecemento, agora mesmo é un neno, pero terá a súa adolescencia e a súa madurez e esperemos que na adolescencia empece a facer pasos máis grandes. Xa na madurez que teña voz e voto na sociedade, é dicir, querémolo enfocar un pouco cara a actos con xente con problemas, centros cívicos ou incluso charlas en colexios. Querémolo enfocar cara algo social máis que cara algo da industria. A Cantera é como un sentimento, como unha idea.

Tamén fixeches moitas colaboracións con artistas moi variados, que próxima colaboración che gustaría?

Sinceiramente, a que me fai moita ilusión é a do neno, "El Caquez", o meu irmán ... el cachorro. E así que me faga ilusión, faime máis ilusión cos meus que con ninguén máis. Non teño ningunha grabada pendente, pero sí por confirmar un par de cousas guapas que xa iredes vendo a través das redes.

En que invertiches ou empregaches o teu primeiro ingreso como artista?

En comprar un micro e unha tarxeta de son, ou algo así. Os nosos ingresos como artistas foron para queimalos, pero para queimalos durísimo. Faltaban tantas cousas ... e aí está ese micro que xa se cambiou dúas veces máis. Conta que eu comprei un micro de 150€ e agora temos un de 800€. Este traballo é constantemente reinvertir, a xente pensa que gañas 4000€ e o gastas en festa, pero gañas 4000€ e reinvirtes 3000, Foi un pouco así.

ANCLA

CAFÉ - BAR

BOCATERÍA DA RÍA DE MUROS

PORTA DA VILA, 24 - 15250 - MUROS (A CORUÑA)

TALLER DE RÓTULOS
AGEITOS
NOIA
rotulosageitos@gmail.com
Telf. 981 821 565

GASTROHOTEL
VILA DO SON
www.hotelvilladelson.es
Reserva no tfno.981 853 437

Lacentral heladera
helado artesano
Proba as nosas especialidades en
Porto do Son

Telf: 981 768 405 — Caamaño S/N — CP:15996 — Porto do Son

MUSIC ZONE

VENRES 3 DE SETEMBRO

MAD MARTIN TRÍO
MANEIRO
RECAMBIOS TUCHO
J DOSE & LOS CHICOS DE LA LLUVIA
DIRTY PORCO
MAYO214
FACE
KAYDY CAIN
DJ MIL
KIKE VARELA
SANTORNINO & MARTÍN PÉREZ

SÁBADO 4 DE SETEMBRO

BATALLA DE GALOS - BTA, INVERT, LE33
+ 2 clasificados batalla previa
SWIT EME
SANTA SALUT
ISRAEL B
DELAOSSA
KAIXO
STEVE LEAN
SANTORNINO & MARTÍN PÉREZ

MELCHOR FERRETERÍA
Maneiro González

Electricidad - Fontanería - Menaje
Pinturas impermeabilizantes

ASESORIA FISCAL

Sanmamed

Avda de Galicia nº 38
Telefono 981 76 74 32
15970 PORTO DO SON
(A Coruna)

CAFE ACVARIO BAR

PORTO DO SON

Portosín

O NOSO HOTEL

www.hotelonoso.com

MC BIKES NOIA

BICICLETAS
ACCESORIOS
MECANICA
TELF: 881 94 10 55
mcbikesnoia@gmail.com

PAVIMENTOS NOIA

PACO'S MODA.ES

DESDE 1998

NOIA
BOIRO
VILAGARCIA

Deputación
DA CORUÑA

READY TO SPORT

Sandra Castro Piñeiro

Se hai elemento que une tanto a ricos como a pobres, ese é o deporte.
De feito, esta adoita ser a súa característica mais senlleira, e sobre todo un valor á alza nestes últimos meses, onde a frase*" Earn it on the pitch"* foi o emblema de moitos seareiros en defensa desta causa.
Este carácter "democrático" tamén foi aproveitado polas grandes marcas de roupa deportiva, que viron nas colaboracións con grandes deseñadores a súa oportunidade de ouro para atraer a un maior rango de compradores e abrir novas sendas de negocio, con coleccións paralelas ás deportivas que pretendían ser máis de diario, pero sempre sen perder a esencia orixinal da marca; foi así como Adidas chegou a os chándales en denim, ou os corpiños de tecido elástico desta última tempada. Non entanto, foi algo recíproco, os deseñadores tamén querían participar dese negocio.
Era unha relación que resultaba atractiva para os creativos das grandes casas de moda, unha forma de buscar o recoñecemento máis aló da pequena elite que podía permitirse mercar luxo.
Así foi como as marcas deportivas máis relevantes da industria comezaron unha das súas andaduras máis frutíferas, como o caso de Stella McCartney e Adidas.

A relación entre a marca xermana e a deseñadora inglesa comezou en 2005 e chegou para quedar, continuando a día de hoxe presentando unha colección por tempada
.
Todas elas son un tipo de colaboración na que as dúas partes dan e reciben máis aló do prestixio que adquiren con ela.

Neste caso, por exemplo, Adidas fíxose cunha colección adicional baseada no prestixio e creatividade como deseñadora de Stella McCartney, ademais da posibilidade de presumir dunha liña ecolóxica e totalmente vegana, desexo expreso e característica esencial que define todo o traballo de McCartney, quen dende súa marca intenta promover unha industria sostible, con materiais que causen o mínimo impacto medioambiental (Imaxe 1).

Pero, Que gañou Stella McCartney coa colección? Por descontado, unha maior sona do seu nome (aínda que non máis que por ser filla dun Beatle), pero máis aló diso e o máis relevante, conseguiu ampliar o rango de compradores.

Mediante esta colección asegurouse que as súas compradoras habituais mercaran roupa de deporte creada por ela, coa garantía que dá Adidas dentro dese sector, e ademais provocou que xente que non podía permitirse pagar por un deseño dela, agora poida grazas a que estas coleccións teñen un prezo "máis accesible" que os creados para a súa propia marca.

Esta experiencia foi moi xeitosa para Adidas, que non dubidou en repetir este tipo de colaboracións en momentos puntuais, como no caso do deseñador neoiorquino Alexander Wang (en Balenciaga dende 2013 a 2016), que asinara un contrato para seis coleccións con Adidas, presentando a derradeira na tempada de outono/inverno de 2019 (Imaxe 2).

Imaxe 1. Campaña da colección primavera 2020 de Adidas x Stella McCartney. Fonte da imaxe Adidas©

Non obstante, a asociación máis sonada de Adidas foi con Yeezy (marca fundada e dirixida por Kanye West) en 2013. Con ela, Adidas pretendía causar un maior impacto e abrirse camiño no mercado norteamericano, copado por Nike e Under Armour. O ruído e expectación que xerou esa colaboración veuse incrementado polo feito de que Kanye West abandonara Nike por Adidas, tras afirmar que a marca estadounidense non lle ofrecera a suficiente liberdade creativa.

Froito desa relación son as Adidas Yeezy, unhas zapatillas de inspiración retro que causaron un furor global, esgotándose todas elas ás poucas horas de poñelas á venta online, un patrón que se repite cada vez que reedita algún modelo. Tal foi o éxito desta colaboración que unha gran cantidade de empresas téxtiles puxeron á venta a "súa versión" da xa icónica zapatilla (Imaxe 3), aproveitando a pouca cantidade que se poñían á venta (son edicións limitadas) e o seu excesivo custo, aínda que menor se o comparamos cos prezos habituais de Yeezy.

Imaxe 2. Campaña da colección de outono 2019 de Adidas x Alexander Wang. Fonte da imaxe Adidas©

Pero Adidas non foi a única empresa de téxtil deportivo que aproveitou as oportunidades que daban estas colaboracións. Ao mesmo tempo que ela, o resto de marcas desenvolveron campañas con deseñadores seguindo un modelo moi similar–e que non deixaba de ser o mesmo que dende 2011 practicaba H&M coas colaboracións con deseñadores estrela-; de todas elas, as máis famosas foron a colaboración de Nike con Riccardo Tisci (anteriormente en Givenchy e agora en Burberry) e Virgyl Abloh (Off-White e Louis Vuitton home, ademais de colaborador de Kanye West), a de Converse con JW Anderson (Loewe), a de Puma con Balmain (dirixida por Olivier Rousteing dende 2011) e por suposto, as colaboracións con Fenty, a marca creada por Rihanna, cuxos desfiles durante a semana da moda neoiorquina foron dos máis comentados.

Máis dunha década despois de que comezaran este tipo de asociacións, estas seguen a ser numerosísimas. En cada tempada sempre hai varias empresas deportivas que anuncian a súa "colaboración estrela", demostrando que isto non é unha moda pasaxeira e que ten toda a probabilidade de asentarse no mercado cunha clara finalidade, poñer o acento sobre as marcas en determinados momentos, ofrecer a un maior rango de persoas a posibilidade de mercar pezas creadas polos deseñadores creativos de marcas de luxo a uns prezos algo máis accesibles e contribuír a unha maior fama, que nestes últimos anos veuse fomentada tamén dende a industria musical, sendo innumerables intérpretes os que lles dedicaron cancións e alimentaron o seu culto: And you don't even believe in Yeezus, Why you wearin' Yeezy sneakers? (Lil Wayne, "Yeezy Sneakers" en Dedication 6). Outra proba disto é que no momento que este artigo foi escrito Vans tiña á venta a súa colaboración con Kenzo, Converse con Kim Jones (Dior home e Fendi Alta Costura) e quedaban 34 horas e 45 minutos para a apertura da venta online dunhas novas Adidas Yeezy Boost 700.

Imaxe 3. Imaxe promocional das zapatillas creadas por Yeezy para Adidas. Fonte Pinterest©

MARISQUERÍA - PARRILLADA
HORREO
PIZZERÍA

JM Fernández Valiño
CONSTRUCCIONES y RESTAURACIONES
Foloña, 8. NEBRA - Porto do Son
Tlfs. 981 854 093 - 610 254 605
juanferval@hotmail.es
RESPONSABILIDAD CIVIL
POLIZA Nº

Café TAiTA Bar
PORTO DO SON

ARENAS
PLATOS COMBINADOS - TAPAS- RACIONES Y BOCADILLOS CALIENTES
También para llevar
Praia da Aguieira
(entrada Praia Aguieira)
PORTO DO SON
Telf: 981 76 72 00

Xoaniña
-MODA INFANTIL
-MERCERIA
-PAQUETERIA
C/buenos aires, bajo, Porto Do Son
SIGUENOS EN
636030880

Agrobicho
venta y reparación de maquinaria
telf: 981 767 719 - 644 896 769
agrobicho1gmail.com
Noal 27
Porto do son

BAR - ESTANCO

MOREIRA

Avda. de Galicia, 52 - 15970 - Porto do Son (A Coruña)

SAÚDE®
SPORT
Barbanza

XUÑO S.D.

O'AXEXO
Porto do Son
Cañas e Copas en boa compañía

POR AMOR ao ARTE

Antía Piñeiro Añón

Din que hai cousas coas que simplemente se nace. Por moi imprecisa que sexa esta afirmación, non hai dúbida que no caso de Lois Patiño isto ten algo de certo. Lois é un mozo é un mozo de Vigo e unha das maiores promesas do cinema galego actual.Fillo do pintor e escritor Antón Patiño Pérez e da tamén pintora Mechu Lamas, a tradición artística familiar remóntase, canto menos ao seu avó paterno Antón Patiño Regueira. Velaí imos comezar.

Antón Patiño Regueira naceu no 1919, un ano despois de que rematara a primeira guerra mundial e tan só un mes despois das elección xerais españolas; polo que a inestabilidade política e económica palpase desde o seu moi primeiro comezo.

A súa faceta intelectual toca diversos ámbitos, tales como a literatura, a pintura e mesmo a fotografía. A pesares de ter traballos eventuais e precarios dentro e fora do ámbito autonómico, encontrou tempo para fundar diversas asociación micolóxicas galegas e ser promotor activo de asociacións de libreiros.

A amplitudes da súa obra vese influenciada polo seu "amor pola terra"; a identificación coa natureza así como a intimidade e complicidade coa mesma. Esta liña temática ou estética de paisaxe humanizada, foi unha característica que se transmitiu tanto ao seu fillo coma ao seu neto.

A súa labor non se limita ao terreo artístico, senón que se enfocou na labor política de forma intensa. No Alzamento Nacional participou canda seu irmán como guía para axudar á fuga dos represaliados e máis tarde; xa a fins da década dos sesenta, no ano 1967 funda a súa librería. Librouro, en Vigo, era máis que un lugar onde buscar e comprar pezas literarias. Ofertaba libros aínda prohibidos no país (coma o tan coñecido Sempre en Galiza, de Castelao), moitos lidos e adquiridos na súa vía e a Arxentina, coa que se mantiña en contacto a través do Centro Gallego de Buenos Aires.

Escribiu Memoria de Ferro, aludindo á represión e morte acontecida no ano 1936 e A viaxe no tempo, unha colección de poemas.

Non sería ata o 1980 cando desenvolvería plenamente a súa faceta de pintor, a través de composicións sinxelas que, unha vez máis, remiten á natureza. Canto menos, dous dos seus familiares directos herdarían e cultivarían tamén a súa faceta artística. Estámonos a referir a Raimundo e Antonio Manuel Patiño.

Raimundo Patiño Mancebo, foi un pintor e ilustrador da banda deseñada galega nado no 1936. Comprometido con movementos nacionalistas galegos e continuando o camiño comezado polo seu tío, a súa obra focalizouse no terreo da denuncia con fins sociais. Tomou conciencia do galeguismo no exilio e fundou grupos como "Liga Nórdica" e a "Unión de Artistas Ceibes"; así como participou na creación de "Unión de Pobo Galego". A súa traxectoria artística evolucionou de modos informalistas cara o expresionismo e o surrealismo, marcado sempre por un alto grao de abstracción.

Pola outra banda temos a **Antón Patiño Pérez**, fillo de Antón Patiño Regueira e curmá de Raimundo. Nado no ano 1957 en Monforte de Lemos, é un artista visual e escritor. Como xa mencionamos, mantivo dende neno un gran contacto coa arte grazas a seu pai.

De rigorosa formación académica, comezou expoñer nos anos setenta e o seu percorrido artístico atravesa diferentes exposicións, galerías e museos en lugares tan diversos coma Amsterdam, Estocolmo, New York ou París. O seu estilo, definido como "expresionista conceptual", evolucionou dun expresionismo sinóptico cara un grafismo idealizado, baseado no emprego de cores intensas e gran carga abstractiva, ás veces feito en enormes lenzos en branco e outras sobre materiais existentes.

Dentro da súa produción literaria, destacan libros como Xeometría liquida (1992; no cal fala sobre o proceso da imaxe e a creación plástica) ou Mapa ingrávido (1992; sobre a incerteza e descontinuidade sobre o presente tecnolóxico). Tamén colaborou en manifestos e ensaios, destacando o elaborado xunto Xavier Seoane titulado "Hai suficiente infinito" (1999; apostando pola biodiversidade cultural e a sensibilidade no marco da globalización das conciencias a escala planetaria).

Da mesma forma que fixera seu pai, Antón ten dentro del ese xerme renovador e de defensa do propio, apreciable na integración no movemento renovador "Atlántica" (o cal estaba constituído por artistas interesados en situar o arte galego no panorama internacional) dende os seus comezos nos oitenta ou coa colaboración nas actividades do grupo poético "Rompente", xunto a que sería súa muller, Menchu Lamas.

Menchu Lamas naceu en Vigo no ano 1954, e está considerada unha figura clave da pintura contemporánea española e unha das artistas galegas con maior sona internacional, combinando poesía e compromiso político. A súa integración no grupo "Atlántica" constitúe o comezo da súa proxección.

Parte da premisa de introducirse na obra coma un espazo habitado, un corpo a corpo. De pais emigrantes, pasou parte da súa infancia en Venezuela, cuxos carnavais e modo de vida, dominado pola explosión de cores, marcaría as súas composicións.

O seu estilo é definido por moitos como un expresionismo sinóptico de gamas neutras; influenciado por Picasso e polo movemento pop. As súas pezas, moitas centradas no enaltecemento de obxectos da vida cotiá, sitúanse en lenzos de grandes dimensións, atravesados por amplas pinceladas a través de cores primarios.

Algúns dos lugares onde se atopan expostas as súas obras son o CGAC (Centro Galego de Arte Contemporáneo) ou o Museo Reina Sofía de Madrid.

Tras todo este recorrido familiar, falta a peza angular que reúne a tradición artística de ambas familias.

Lois Patiño enmárcase na xeración de cineastas galegos denominada "Novo Cinema Galego" e, aos seus 37 anos e todo un referente a nivel internacional. Compaxinou os seus estudos de psicoloxía cos de cine en Madrid, e formouse con maior profundidade neste último aspecto; aínda que a é a mestura das dúas ramas a que axuda a entender mellor a súa obra.

As experiencias cinematográficas proporcionadas por Patiño combinan o máis grande co máis pequeno: a contemplación dunha natureza xigantesca e poderosa coa presenza humana, complementándose mutuamente. Quizais a obra máis coñecida deste guionista e director sexa Costa da morte. Feita xa no ano 2013, plasma a esencia xa recompilada por parte da súa familia paterna, materializada a través dunha natureza que todo o abarca, humanizada e enriquecida pola ínfima aparición do ser humano. A beleza natural que filma, non deixa de ser unha evocación cara a intimidade e introspección, un paso do tempo perdido na paisaxe, tan só interrompidos por pequenos diálogos e movementos que os atravesan. Deste xeito, móvese no imaxinario colectivo e identidade galega, ben enfocada no forxamento desa identidade ou ben centrado nas crenzas en mitos do mesmo.

O xeito de traballar deste artista desenvólvese con varios proxectos simultáneos gravados por el do xeito máis solitario posible, facilitando a súa percepción e toma en contacto co que busca transmitir.

Non hai dúbida de que o xeito de crear cambiou e evolucionou de xeito estrutural dende os últimos vinte anos, e que o ámbito cinematográfico vese fortemente influenciado pola tecnoloxía que envolve ao medio, moito máis que noutros ámbitos como a pintura ou a literatura. Porén, a pesares de que Lois se atope neste paradigma cambiante, a súa dialéctica céntrase na intimidade, dun mesmo e co mundo; polo que son as ideas do autor e non o revestimento material que o envolve, o que o guía na súa traxectoria artística. É innegable que a familia forma parte de nós, e que sen querelo, convertémonos en vehículo dunha mensaxe que nin sabiamos que queriamos transmitir. A intimidade, a paisaxe humanizada e a retrospectividade son características que puidemos apreciar nas biografías dos cinco artistas comentados. O amor ao arte, a fin de contas, non deixa ser un modo máis de afrontar a vida.

ONDE COMER

KOKO BURGUER

Rúa Contiña, 3, 15970
Porto Do Son – 981 85 31 57

PIZZERÍA ANXO

Rúa Campo Atalaia , 18, 15970
Porto do Son – 981 85 41 42

A CANTINA DA LÚA

Rúa Camiño Novo, 15970
Porto do Son – 981 00 56 89

CAMPING CABEIRO

Playa Cabeiro 35.
Porto do Son - 981 76 73 55

RESTAURANTE HORREO

Rúa Felipe III, 25, 15970
Porto do Son - 981 76 72 15

BAR ARENAS

Rúa Aguieira, 8 , 15970
Porto do Son - 981 76 72 00

RESTAURANTE VILA DO SON

Rúa Trincherpre, 11, 15970
Porto do Son - 981 85 34 37

RESTAURANTE PORTOFINO

Rúa Santo André.
Portosín - 981 76 65 92

RESTAURANTE PORTO NADELAS

Rúa Felipe III, 25, 15970
Porto do Son - 981 76 72 15

BAR ANCLA

Rúa da Porta da Vila 4.
Muros - 981 82 63 20

FOOD TRUCKS ROMPETIÑO

Music Zone

ONDE DURMIR

HOTEL ÁNCORA DA RÍA

Rúa Trincherpe 16.
Porto do Son - 660 26 43 99

HOTEL ARNELA 2

Porto do Son - 981 76 73 44

HOTEL PORTOFINO

Rúa Santo André.
Portosín - 981 76 65 92

HOTEL O NOSO

Rúa aldea o Mariño 9
Portosin - 981 76 60 62

HOTEL TÍO MANOLO

Rúa Outonil 1
Noia - 981 82 28 50

HOTEL ELISARDO

Rúa Costa do Ferrador 15
Noia - 981 82 01 30

HOTEL GASTRONÓMICO VILA DO SON

Rúa Trincherpe, 11, 15970
Porto do Son - 981 85 34 37

WWW. ROMPIENTECLOTHING.COM



Son sostible

Proxecto de sostibilidade da Asociación Rompetiño na redución de plásticos